

Dous cadros para a Semana Santa

Museo de Pontevedra¹

Con motivo da Semana Santa, queremos dar a coñecer dúas obras que gardan relación directa cunha tradición secular que nestes días se desenvolve en todas as cidades e pobos de España, as procesións de Semana Santa.

Trátase de dous lenzos realizados en 1969 por un pintor que os asinou como Zubarre, nome do que nada localizamos polo que non podemos achegar ningún dato sobre o artista. Ambos os dous foron doados ó Museo de Pontevedra por Félix Rivas Villanueva, pero descoñecemos como chegaron ás súas mans.

Estilisticamente, non se trata de obras de gran calidade artística, pero si resultan interesantes como documentos gráficos, xa que son reflexo dun fenómeno de relixiosidade popular ligado á liturxia que se desenvolve no interior dos templos, que se converteu, debido á súa dilatada traxectoria histórica, nun importante referente cultural e un reclamo turístico.

Para facilitar a comprensión destes dous lenzos, ás persoas alleas ó mundo Cofrade, é preciso sinalar que dentro da Semana Santa debemos distinguir entre dúas escolas ben diferenciadas: a escola castelán-leonesa e a escola andaluza. A primeira caracterízase por unha maior sobriedade, propia do pobo castelán, mentres que a segunda ten como elemento diferenciador a exteriorización dos sentimentos.

Ímonos centrar na escola andaluza, cuxa capital é a cidade de Sevilla, á que, millóns de persoas acoden cada ano para contemplar o lento camiñar das súas 69 Confrarías penitenciais.


O máis frecuente é que as Confrarías andaluzas acompañen dous pasos procesionais: un paso de misterio e un paso de palio. O primeiro está protagonizado por unha imaxe de Cristo nalgún dos momentos da Paixón, mentres que o segundo está dedicado á Virxe María, e vai cuberto por un palio.

No caso sevillano, todos os tronos, tanto os pasos de misterio coma os de palio, son portados por costaleiros, é dicir, un grupo dunhas 35-40 persoas que van dentro do paso cargando o peso na sétima vértebra. Noutras cidades andaluzas, ademais dos costaleiros, os pasos son portados tamén polos anderos, que van cargando o seu peso sobre o ombro. Á

¹ O meu máis sincero agradecemento a D. Carlos López Bravo, secretario do Consejo General de Hermandades y Cofradías da cidade de Sevilla, quen me aclarou diversas cuestións relativas ás dúas obras que aquí se comentan.

hora de comentar os dous lenzos que nos atinxen referirémonos tanto ós costaleiros coma ós anderos.

Cada un dos cadros representa un paso dunha cidade diferente. O primeiro deles representa o paso do Cristo de la Expiración de Málaga. Nel, o artista centrouse exclusivamente na representación do conxunto do paso, reproducindo, case de forma fotográfica o orixinal.



O devandito paso foi tallado polo escultor de orixe valenciana Mariano Benlliure en 1940, e del pódese afirmar que renovou a tradición imaxineira española. Do taller de Benlliure saíron numerosas obras de Semana Santa para distintas cidades españolas. No caso de Málaga, ademais do Cristo de la Expiración, tamén realizou o Nazareno do Paso, ou o paso Redención de Zamora, entre outros moitos.

Os trazos estilísticos da imaxinaría de Benlliure son doadamente identificables por presentar os rostros unhas faccións moi aristadas de enorme expresividade, resaltando isto

por policromar, en moitas ocasións, directamente sobre a madeira, prescindindo da capa previa de estuco.

O conxunto do paso do Cristo de la Expiración é todo un alarde iconográfico que se desenvolve nas catro frontes do trono. Así, o frontal dianteiro, cuxa parte central é semicircular, está decorado con baixorrelevos nos que se representan diversos santos, profetas e sibilas. Nos laterais, en 14 tondos, baixorrelevos coas escenas do Vía Crucis.

A carga simbólica e alegórica deste trono chega aínda máis lonxe, xa que a imaxe do crucificado se sitúa sobre un pedestal formado por tres encapuchados apoiados sobre tres animais: un elefante, un carneiro e un mono.

Ós lados da imaxe do crucificado, dúas candeas grandes moi decoradas nas que aparecen dous pelicanos. Diante da imaxe, unha arqueta con area e sangue de todas as persoas que faleceron na defensa do Santuario de Santa María de la Cabeza, en Andújar, Xaén, en 1936.

Diante da arqueta, o escudo da Arquiconfraría da Expiración e o da Garda Civil, Irmán Maior Honorario desta Irmandade, razón pola que no pedestal sobre o que se sitúa a imaxe de Cristo vai situado un tricornio da Benemérita.

Todo este conxunto procesional, ó igual que acontece coa gran maioría dos pasos malagueños, é portado por un alto número de anderos, que cargan o peso sobre os seus ombros, en longuísimos varais.

No cadro, chama a atención que en primeiro plano se representen algúns dos anderos portadores deste trono, pero sen que se vexan as dimensións dos varais. Ó mesmo tempo destaca tamén o alto grao de fidelidade por parte do pintor á hora de realizar esta obra, non tanto polo parecido dos trazos físicos da imaxe como si da representación de todo o conxunto.

Para comentar o segundo lenzo trasladámonos a Sevilla, cidade na que de todas as procesións que se celebran, a máis emblemática e a máis coñecida é a procesión de La Madrugá, que se desenvolve durante a noite do Xoves Santo.

Neste caso, si temos unha clara referencia urbanística da cidade na que nos encontramos, xa que ó fondo vemos a torre da Catedral sevillana, a Giralda, e ademais, a diferenza do anterior cadro, neste non só vemos o paso, neste caso de palio, senón que ademais aparecen as filas dos Nazarenos ou Confrades.

Para este segundo lenzo, e a diferenza do anterior, o autor non fixo unha reprodución mimética, senón que aquí se inspirou na saída procesional da Irmandade da Esperanza de Triana.

Isto vémolos porque aínda que a uniformidade dos nazarenos coincide coa da Irmandade de Triana, hai algunhas diferenzas, esencialmente o escudo, que non coincide totalmente co seu.



Salvo ese detalle, si recoñecemos perfectamente que se trata desta Irmandade, porque os nazarenos que acompañan á Virxe visten a mesma uniformidade que os irmáns da Virxe de Triana, portando cada un deles unha candeia grande. Ademais, diante do trono, aparecen catro Irmáns portando senllas varas ou cetros, e xusto detrás destes, e ós lados do trono, outros dous nazarenos con bucinas, que no caso do cadro son rectas, mentres que as que utiliza a Irmandade de Triana, realizadas en 1928, son curvas. O que non se mostra diante do trono son os seis ciriais, e isto débese a que foron realizados con posterioridade, no ano 1974.

En canto ó trono, a pesar de non reproducir exactamente o orixinal da Esperanza de Triana, si vemos unha clara inspiración neste, posto que se mostran os mesmos elementos que no orixinal, e ademais tratando de reproducir os mesmos materiais. Ademais, a imaxe

da Virxe, aínda que non presenta moitos detalles, debido a aparecer no plano de fondo, vemos un elemento iconográfico característico desta imaxe, o puñal das Sete Dores cravado no corazón.

Aínda que non logramos situar a rúa pola que está procesionando a Irmandade da Esperanza de Triana, si deducimos que xa percorreu a Carreira Oficial, é dicir o tramo común que deben facer todas as Confrarías en dirección ata a Catedral para realizar a Estación de Penitencia.

A carreira oficial de Sevilla comeza na praza da Campá, continúa pola rúa Sierpes, a praza de San Francisco e a praza da Constitución por onde se accede ó interior da Catedral, e á saída do templo inician o percorrido de regreso ata a igrexa na que cada Irmandade iniciou o seu percorrido procesional.

Nesta obra vemos tamén algo moi característico da Semana Santa sevillana, o gran número de persoas que contemplan o paso das Irmandades e Confrarías dende as ventás e os balcóns das casas, neste caso principalmente mulleres, ataviadas coa clásica mantilla española, e case nos parece escoitar o son dunha saeta dedicada á Virxe de Triana.

As procesións de Semana Santa, como as que mostran estes lenzos son un fenómeno exclusivo do mundo hispano que comezou a xerarse hai séculos por iniciativa da Orde franciscana. No caso de Pontevedra, a primeira referencia documental a este respecto está datada en 1321², ou o que é o mesmo, hai 694 anos. Pouco a pouco, o mundo *semanasantero* foi estendéndose xeograficamente e ampliando cada vez máis as cerimonias que o conforman, e así ata chegar á actualidade

José Luis Ageitos Míguez
Gabinete Didáctico

² Ageitos Míguez, José L.: *La Semana Santa de Pontevedra. Tradición - Restauración - Catalogación*. (en prensa).